

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6891 *Lei 2/2018, do 23 de maio, pola que se modifica a Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, ditouse co obxectivo de fixar normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España, orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas administracións públicas e o acceso e utilización xeral deste tipo de información, especialmente as políticas de ambiente e políticas ou actuacións que poidan incidir nel.

Posteriormente á promulgación desta lei, a Comisión Europea solicitou información adicional en relación coa transposición da Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece a infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire), á lexislación española.

Con base na dita información, considerouse conveniente realizar cambios lexislativos nalgúns artigos da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

As modificacións van orientadas a puntualizar algúns artigos da dita lei co obxecto de que cumpran coa plena transposición da Directiva 2007/2/CE, pola que se establece a infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

Actualízase a definición da infraestrutura de información xeográfica como a Infraestrutura de datos espaciais, cunha estrutura virtual en rede, integrada por datos xeorreferenciados e servizos interoperables de información xeográfica distribuídos en diferentes sistemas de información, accesible vía internet, que inclúa as tecnoloxías de busca e acceso aos ditos datos, as normas para a súa produción, xestión e difusión e os acordos sobre a súa posta en común, acceso e utilización entre os seus produtores e entre estes e os usuarios.

As administracións públicas deberán garantir que todos os datos xeográficos e os correspondentes servizos de información xeográfica, incluídos os códigos e as clasificacións técnicas, se poñan á disposición das autoridades públicas ou de terceiros, de conformidade coas normas de execución ditadas pola Comisión Europea.

Incorpórase un punto 5 ao artigo 2, en que se aplicará a designación de «terceiro», para os efectos desta lei, a calquera persoa física ou xurídica distinta das anteriores a que se fai referencia no ámbito subxectivo de aplicación que figura no referido artigo 2.

Inclúese no punto 1 do anexo I «Información xeográfica de referencia» da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, o sistema harmonizado multirresolución de cuadrículas xeográficas e cartográficas cun punto de orixe común e con localización e tamaños de cuadrícula normalizados.

Esta modificación está estruturada nun artigo único, que comprende as modificacións que se realizan na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, e nunha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

Artigo único. *Modificación da Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.*

A Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«5. Considerarase «terceiro», para os efectos desta lei, calquera persoa física ou xurídica distinta das anteriores.»

Dous. A letra a) do punto 1 do artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Infraestrutura de información xeográfica: é unha infraestrutura de datos espaciais, entendida como aquela estrutura virtual en rede integrada por datos xeorreferenciados e servizos interoperables de información xeográfica distribuídos en diferentes sistemas de información, accesible vía internet, cun mínimo de protocolos e especificacións normalizadas que, ademais dos datos, das súas descricións mediante metadatos e dos servizos interoperables de información xeográfica, inclúa as tecnoloxías de busca e acceso aos ditos datos; as normas para a súa produción, xestión e difusión; os acordos sobre a súa posta en común, acceso e utilización entre os seus produtores e entre estes e os usuarios; e os mecanismos, procesos e procedementos de coordinación e seguimento establecidos, xestionados ou postos á disposición de conformidade co disposto nesta lei.»

Tres. Engádense dúas novas letras ao punto 2 do artigo 4, coa seguinte redacción:

«d) Garantir que se pon á disposición das autoridades públicas ou de terceiros toda información, incluídos os códigos e as clasificacións técnicas necesarios para o cumprimento das normas de execución a que se refire o artigo 6, punto 1, en condicións que non restrinxan a súa utilización para tal efecto.

e) Co fin de garantir a coherencia dos datos espaciais relativos a un elemento xeográfico situado a ambos os lados da fronteira con outros Estados membros, decidirse, de común acordo con eses Estados membros, se procede, a descrición e posición dos ditos elementos comúns.»

Catro. O punto 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«As administracións públicas garantirán que todos os datos xeográficos recollidos recentemente e amplamente reestruturados e os correspondentes servizos de información xeográfica estean dispoñibles, de conformidade coas normas de execución a que se refire o punto 1, nun prazo de dous anos a partir da súa adopción, e que os demais conxuntos de datos espaciais e servizos aínda utilizados estean dispoñibles, de conformidade coas normas de execución, nun prazo de sete anos a partir da súa adopción. Os datos xeográficos adecuaranse a tales normas de execución, ditadas pola Comisión Europea, mediante a modificación, se é o caso, dos datos xeográficos xa existentes, ou mediante a súa transformación utilizando os servizos especificados no artigo 11.1.d) desta lei.»

Cinco. O punto 1 do anexo I, «Información xeográfica de referencia», queda redactado como segue:

«1. O equipamento xeográfico de referencia nacional, que está integrado:

a) Polo Sistema de referencia xeodésico, do cal forman parte as redes nacionais xeodésicas e de nivelacións.

b) Polo Sistema oficial de coordenadas, do cal forman parte tanto as coordenadas xeográficas, que permiten referenciar de forma unívoca a información xeográfica no espazo, como unha serie de coordenadas (latitude, lonxitude e altura),

así como as coordenadas planas do Sistema de proxección UTM, en escalas superiores a 1:500.000, ou que permite referenciar de forma unívoca a información xeográfica no espazo como unha serie de coordenadas (x, y, z), en ambos os casos baseándose no Sistema de referencia xeodésico.

c) Polo Sistema de cuadrículas: o Sistema de cuadrículas xeográficas e cartográficas está constituído polas cuadrículas harmonizadas multiresolución cun punto de orixe común e con localización e tamaños de cuadrícula normalizados.

d) Pola toponimia oficial recollida no Nomenclátor xeográfico básico de España.

e) Polas delimitacións territoriais inscritas no Rexistro Central de Cartografía.

f) Polo Inventario nacional de referencias xeográficas municipais, que reflectirá a situación xeográfica de cada entidade local contida no Rexistro de Entidades Locais.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Esta lei traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de maio de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY